

**Recurso nº 103/2018****Resolución nº 94/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN  
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 22 de outubro de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por don D.C.G. actuando en nome e representación de ASESORES LOCALES CONSULTORÍA S.A. contra a adxudicación do contrato de servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes derivados do exercicio da potestade sancionadora do Concello de Ferrol, expediente AVH 02002 17/39, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** O Concello de Ferrol convocou a licitación do contrato de servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes derivados do exercicio da potestade sancionadora do Concello de Ferrol, expediente AVH 02002 17/39, cun valor estimado declarado de 437.454,56 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 05.03.2018, no BOP o 09.03.2018, no DOUE o 10.03.2018 e no BOE 13.03.2018.

**Segundo.-** Segundo o expediente da licitación, a mesma está sometida ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRL CSP, en adelante).

**Terceiro.-** Impúgnase a adxudicación a favor de RECYGES S.L. (RECYGES en adelante) decidida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ferrol de 17.09.2018, notificado ao recorrente o 26.09.2018.

**Cuarto.-** O 08.10.2018 ASESORES LOCALES CONSULTORÍA S.A. (ASESORES LOCALES en adelante) interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Significar que na información dada sobre o recurso especial no acordo de adxudicación erroneamente se designaba como o órgano competente para o resolvelo ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC). Este TACGal está en funcionamento dende o 02.04.2018, tal como foi publicitado no DOG de 05.03.2018 e na web deste Tribunal galego, polo que os órganos de contratación teñen que axustar a información do recurso especial a esta realidade.

Neste caso, foi o propio recorrente o que, acertadamente, comprendeu que se debía interpoñer no TACGal, polo que por esta vía se axustou este recurso especial ao que procedía.

**Quinto.-** Con data 08.10.2018 reclamouse ao Concello de Ferrol o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adelante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 11.10.2018.

**Sexto.-** Trasládouse o recurso aos interesados o mesmo 11.10.2018, sen que se recibiran alegacións.

**Sétimo.-** O 15.10.2018 o TACGal decide manter a suspensión da tramitación do procedemento establecida *ex lege* no artigo 53 LCSP.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

**Segundo.-** En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

**Terceiro.-** Sendo a oferta do recorrente a segunda mellor clasificada ten lexitimación para impugnar contra a adxudicación. Neste sentido, segundo o informe do xefe de servizo de Facenda e Patrimonio de 29.06.2018, a oferta RECYGES obtivo un total de 77,15 puntos e ASESORES LOCALES de 70,10.

**Cuarto.-** Ao abeiro das datas descritas, o recurso foi presentado en prazo.

**Quinto.-** Estamos perante a impugnación dun acordo de adxudicación dun contrato de servizos de valor estimado superior a 100.000 €, polo que o recurso é admisible segundo o artigo 44 LCSP.

**Sexto.-** O recorrente considera indebidamente avaliada a súa oferta no tocante ao criterio de adxudicación de *“Equipo humano adscrito á execución do contrato”*, por non computarlle ao Responsable/coordinador.

Tamén alude a un erro na suma das puntuacións obtidas por ASESORES LOCALES nos diversos apartados dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes, sobre B. Para o recurso esa suma é de 21,10 puntos e non os 20,10 outorgados.

**Sétimo.-** O informe do órgano de contratación admite o erro na suma do sobre B, polo que ASESORES LOCALES obtería un punto máis.



Sobre a avaliación do criterio de adxudicación de “*Equipo humano adscrito á execución do contrato*”, recolle (transformamos a referencia aos nomes polas súas iniciais):

*“- Que de acuerdo con lo establecido en las cláusulas octava y doceava del pliego de prescripciones técnicas se exige que todos los medios humanos que se adscriban a la ejecución del contrato se dedicarán a estas labores "en régimen de jornada completa" estableciéndose como objeto de valoración el equipo en régimen de jornada completa. Por otra parte, que el pliego refiere la obligación de la empresa adjudicataria de nombrar una persona responsable que actuará como interlocutor ante todas las incidencias, cuestión que no es objeto de valoración. Por tanto, se exige un equipo de trabajo que desenvuelva su función en régimen de jornada completa en las dependencias habilitadas por este ayuntamiento y el nombramiento de un responsable para la resolución de incidencias.*

*- Que delimitada la cuestión objeto de valoración, el contenido de la oferta del licitador: Refiere el "responsable/coordinador presencial" y "el equipo de trabajo", como epígrafes distintos; Que en el ámbito del "equipo de trabajo presencial", el licitador excluye en su oferta de forma expresa a la Sra. FMP. Dicho epígrafe está constituido única y exclusivamente por D. JMC y Dª F; Que el carácter presencial se vincula única y exclusivamente a las funciones de responsable y coordinador y que la función asignada en el pliego a dicho responsable es la resolución de incidencias que no exige su presencia en jornada completa, sino en caso de suceder alguna incidencia en la ejecución del contrato.*

*- Que una vez excluida por el propio licitador la Sra. FMP del equipo de trabajo, referenciándola en su oferta su carácter presencial únicamente en la función de responsable/coordinadora no puede ser objeto de evaluación, de modo idéntico a la valoración realizada para el resto de los licitadores, respecto de los que únicamente tal y como se indica en los pliegos- fue objeto de valoración el personal que en régimen de jornada completa, preste los servicios en las dependencias de la Administración habilitadas para ello.*

*- Que procede confirmar la valoración otorgada.”*

**Oitavo.-** Recoñecido o erro na suma das puntuacións obtidas por ASESORES LOCALES nos diversos apartados dos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, sobre B, de forma que debe ser de 21,10 puntos e non os 20,10 outorgados, a súa puntuación total pasaría a 71,10, aínda por debaixo dos 77,15 puntos que obtivo RECYGES.



A cuestión queda así centrada na avaliación do criterio de adxudicación *“Equipo humano adscrito á execución do contrato”*. Ese apartado era un criterio do sobre B, suxeito a xuízo de valor, avaliable con ate 30 puntos, dos que RECYGEL obtivo ese máximo e ASESORES LOCALES, 15 puntos.

A literalidade no PCAP do criterio era (Anexo IV.2 PCAP):

*“1.- Equipo humano adscrito á execución do contrato a maiores do mínimo esixido ..... Máximo 30 puntos*

*Nos termos indicados na cláusula 8 do PPT queda fixado o equipo mínimo nun licenciado en dereito en réxime de xornada completa, valorándose o incremento dese equipo mínimo en base aos seguintes criterios: persoas adscritas, titulación das mesmas e a experiencia profesional en servizos análogos.*

*Xustificarase documentalmente a capacitación do persoal a adscribir á execución do contrato mediante a presentación de curriculum.”*

A xustificación final do informe de avaliación do sobre B, das ofertas da adxudicataria e da recorrente neste punto, foi:

*“Recyges SL, es, sin duda, la oferta que refleja el equipo humano más completo de los ofertados,: tanto por el número de trabajadores (un mínimo permanente de 3, ampliable hasta un máximo de 5, atendiendo al volumen real de denuncias anuales presentadas); como por la titulación de los mismos (el personal adscrito de forma permanente tienen todos titulación superior: dos licenciadas en derecho -una de ellas con doctorado- y una licenciada en Ciencias Empresariales) como la experiencia profesional referida (en todos los casos específica en materia sancionadora y con un mínimo de 11 años).*

*Se propone 30 puntos.*

*Asesores Locales Consultoría SA, proponen un equipo de dos personas formado por un licenciado en Administración y Dirección de empresa, sin experiencia profesional en las materias objeto de contratación, y una diplomada en la que su experiencia laboral desde el año 2012, incluye -Junto con otros cometidos- la gestión y recaudación de multas de tráfico.*

*Se proponen 15 puntos.”*

É tamén relevante destacar, como xa fai o propio recurso, que as propias condicións da licitación, apartado 8 PPT, recollían que *“a empresa adxudicataria designará a persoa responsable dependente dela, que sexa interlocutor ante o concello en tódolos aspectos e incidencias que represente a execución do presente contrato”*, se ben nada parece impedir que ese recaia nalgún dos que compoñen o equipo adscrito á execución do contrato, pero coa mesma liña, tampouco nada impide que sexa alguén alleo a ese concreto equipo.

Así, o que se observa do sobre B da ASESORES LOCALES é que baixo o epígrafe *“Personal adscrito a la ejecución del proyecto”*, existen dúas referencias: a de *“Responsable/coordinador presencial”*, cunha persoa e o de *“Equipo de trabajo presencial”*, e neste último con dous traballadores diferentes dese responsable/coordinador.

Como dicíamos, o prego esixía unha persoa responsable dependente da empresa que fora o interlocutor ante o Concello en tódolos aspectos e incidencias que represente a execución do contrato. Polo tanto, se se consigna na proposta unha persoa á que se lle chama responsable/coordinadora a lectura lóxica da oferta é que esta é a que terá esa función.

Agora ben, queda por analizar se esta persoa tamén está dentro do referenciado no criterio de adxudicación como *“Equipo humano adscrito á execución do contrato a maiores do mínimo esixido”*, que é o que estritamente solicita o recurso, e ao que nos debemos suxeitar polo principio de congruencia.

Neste punto, significamos que o recorrente afirma que *“No es intención de la mercantil que se anule el procedimiento en cuestión...”*, sino que este TACGal lle asigne unha puntuación determinada derivada da inclusión no parámetro do equipo humano adscrito á execución do contrato, a aquela responsable/coordinadora. Pide *“Que se valore a la coordinadora propuesta y omitida en el informe de valoración, estableciendo que esta puntuación se efectúe sobre los 22,50 puntos”*.

Sen prexuízo de que agora explicaremos que non cabe esta inclusión solicitada da coordinadora, non é improcedente trasladar que este Tribunal, cunha función revisora, non se pode converter no órgano de contratación dando unha puntuación a un criterio non automático, unido a que unha vez aberto o sobre C xa non cabe a retroacción, de estarmos perante ese suposto, todo isto verbo da concreta pretensión exercitada.

Pero, como dicíamos, non podemos acoller xa a tese da recorrente que sustenta tal pretensión de que foi contrario a dereito que non se lle valorarase á responsable/coordinadora dentro do *“Equipo humano adscrito á execución do contrato a maiores do mínimo esixido”*.

Ante todo, en múltiples Resolucións, como a 34/2018 ou 63/2018, este TACGal trasladou que a correcta e clara presentación das ofertas é unha responsabilidade dos licitadores. Certamente, como sinala a STXUE de 29 de marzo de 2012 (asunto C-599/10), é o licitador quen debe responsabilizarse da corrección da súa oferta: *“la falta de claridad de su oferta no es sino el resultado del incumplimiento de su deber de diligencia en la redacción de la misma, al que están sujetas de igual manera que los demás candidatos”*.

O que se observa da oferta de ASESORES LOCALES é que por un lado está o Equipo de traballo, que é o termo máis achegado á designación do que se vai a ocupar da execución en si do contrato a tempo completo, e por outro a Responsable/coordinadora, que non implica isto en si mesmo, senón que a súa interpretación máis primaria é que aluda a esa persoa responsable (vemos que coincide o termo), cuxa función sería ser interlocutor ante o Concello, sen que isto determine de por si que estea no equipo que executará en si o obxecto contractual.

A maiores, na mención a esa Responsable/coordinadora non existe unha descrición de funcións que leven a determinar que tamén é parte do Equipo de traballo. Neste sentido o termo presencial implicaría que este Responsable/coordinador fará acto de presenza, coa periodicidade que sexa, cando teña que desenvolver esas funcións de responsable da empresa fronte ao Concello, pero non, de por si, que sexa unha ocupación a xornada completa como esixe este criterio adxudicación.

Pero, engadido ao anterior, aparece outro dato relevante. Se observamos o sobre B de ASESORES LOCALES recibido neste Tribunal, vemos que no apartado 2.1, sobre o persoal adscrito á execución do proxecto, só incorpora formalmente dous curriculums, ao final dese apartado, que son os deses dous traballadores que forman parte do designado como “Equipo de traballo presencial”. Dito doutra maneira, non observamos que se aporte ese mesmo curriculum desa Responsable/coordinadora, nin o recurso nos identifica onde visualizar a súa efectiva inclusión.



Lembramos que o criterio ao que nos estamos a referir recollía “*Xustificarse documentalmente a capacitación do persoal a adscribir á execución do contrato mediante a presentación de curriculum*”. Polo tanto, máis aló do que podería ser esta omisión a efectos de incluso poder avaliar a esta persoa para este criterio, o que denota é que non se pode entender como arbitrario ou contrario a dereito que isto ratifique que esa responsable/coordinadora non se ofertaba como dentro do persoal adscrito á execución do contrato a tempo completo, pois senón se presentaría tal curriculum ao mesmo nivel e formato que con aqueles designados como o Equipo de traballo en si.

En definitiva, non podemos considerar contrario a dereito a interpretación que o órgano de contratación fixo da oferta presentada polo recorrente neste punto que nos ocupa.

Polo tanto, dado que o punto a maiores que lle corresponde polo erro na suma nos diversos apartados dos criterios non avaliados mediante cifras ou porcentaxes, sobre B (de forma que debe ser 21,10 puntos e non os 20,10 outorgados), non afecta á clasificación das ofertas, e, concretamente, non modifica a empresa designada como adxudicataria, procede desestimar este recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por ASESORES LOCALES CONSULTORÍA S.A. contra a adxudicación do contrato de servizo de colaboración na xestión integral dos expedientes derivados do exercicio da potestade sancionadora do Concello de Ferrol, expediente AVH 02002 17/39.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.



Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.